

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL LOUSAME

Publicación anuncio réxime de asistencias e indemnizacións

Réxime de asistencias e indemnizacións

No cumprimento do artigo 75.5 da LRBRL, faise público que o Concello de Lousame, na sesión organizativa que tivo lugar o día 04.07.2019 adoptou o seguinte acordo, cuxo texto se transcribe integramente:

<< Antecedentes Administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2019-2023, en virtude da sesión especial que tivo lugar o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 209/2019, do 1 de abril (BOE do 2 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
3. Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)

Fundamentación xurídica:

Primeiro: O artigo 75 da LRBRL ocúpase desta materia no seguinte sentido:

“3. Sólo los miembros de la Corporación que **no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial** percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la Corporación de que formen parte, en la cuantía señalada por el pleno de la misma.

4. Los miembros de las Corporaciones locales percibirán **indemnizaciones por los gastos efectivos ocasionados en el ejercicio de su cargo**, según las normas de aplicación general en las Administraciones públicas y las que en desarrollo de las mismas **apruebe el pleno corporativo**.

5. Las Corporaciones locales consignarán en sus presupuestos las retribuciones, indemnizaciones y asistencias a que se hace referencia en los cuatro números anteriores, **dentro de los límites que con carácter general se establezcan, en su caso**. Deberán **publicarse íntegramente en el “Boletín Oficial” de la Provincia** y fijarse en el **tablón de anuncios de la Corporación** los acuerdos plenarios referentes a retribuciones de los cargos con dedicación exclusiva y parcial y régimen de dedicación de estos últimos, indemnizaciones y asistencias, así como los acuerdos del Presidente de la Corporación determinando los miembros de la misma que realizarán sus funciones en régimen de dedicación exclusiva o parcial.

Segundo: O Orzamento Municipal para o exercicio 2019, na Base de Execución núm. 40.2 e 40.3, recollíase o réxime vixente no mandato corporativo 2015-2019, de acordo coa seguinte desagregación:

BEO 40.2: Indemnización por asistencia a órganos colegiados

As cantidades a percibir en concepto de asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colegiados, son:

- Por asistencia Plenos: 75,00 €
- Por asistencia a Xuntas de Goberno Local: 75,00 €
- Por asistencia a Comisións Informativas e outras Comisións: 75,00 €
- Por asistencia a Xuntas de Concelleiros Delegados: 75,00 €
- Por asistencia a Mesas de Contratación: 75,00 € (no caso de varias Mesas de Contratación consecutivas, só se vindicará unha asistencia)

Xustificaranse mediante certificación de Secretaría ou copia das actas das correspondentes sesións.

Establécese un límite máximo mensual a percibir polos membros corporativos, no concepto de indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados:

– 600 € / mensuais para cada cargo electo (o que supón que como máximo indemnizaríanse 8 asistencias mensuais aos diferentes órganos colexiados por cada cargo electo)

BEO 40.3: Indemnizacións por Comisións de Servizo (dietas, quilometraxes, etc)

Os membros corporativos que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizadas mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, a través de liquidación practicada . Terán tamén dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón do servizo.

A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será de 0,19 € por quilómetro percorrido. Nos restantes casos indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe utilizado.

En todo o non previsto na presente Base, en es especial, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no RD 462/2002 e demais normativa vixente na materia.

Considerando o artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo o cal será o Pleno, a proposta do Presidente, o que determinará as indemnizacións e asistencias que lle corresponde percibir aos membros corporativos, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Acordar as seguintes indemnizacións por asistencia a órganos colexiados, que serán efectivas a partir da adopción deste acordo, no seguinte sentido:

Indemnización por asistencia a órganos colexiados

As cantidades a percibir en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados, son:

- Por asistencia Plenos: 100,00 €
- Por asistencia a Xuntas de Goberno Local: 90,00 €
- Por asistencia a Comisións Informativas: 90,00 €
- Por asistencia a Xuntas de Concelleiros Delegados: 90,00 €
- Por asistencia a Mesas de Contratación: 90,00 € (no caso de varias Mesas de Contratación consecutivas, só se vindicará unha asistencia)

Xustificaranse mediante certificación de Secretaría ou copia das actas das correspondentes sesións.

Establécese un límite máximo mensual a percibir polos membros corporativos, no concepto de indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados:

– 600 € / mensuais para cada cargo electo (o que supón que como máximo indemnizaríanse esta cantidade mensual por todas as asistencias aos diferentes órganos colexiados por cada cargo electo)

Segundo: Acordar as seguintes indemnizacións por comisións de servizo, que serán efectivas a partir da adopción deste acordo, no seguinte sentido:

Indemnizacións por Comisións de Servizo (dietas, quilometraxes, etc)

Os membros corporativos que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizadas mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, a través de liquidación practicada . Terán tamén dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón do servizo.

A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será de 0,19 € por quilómetro percorrido. Nos restantes casos indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe utilizado.

En todo o non previsto na presente Base, en es especial, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no RD 462/2002 e demais normativa vixente na materia.

Terceiro: Aprobar inicialmente a modificación da Base de Execución Orzamentaria número 40.2 e 40.3 que quedará redactada nos termos recollidos no parágrafo primeiro e segundo deste acordo.

Expoñer ao público a modificación da Base de Execución Orzamentaria, durante o prazo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamación ante o Pleno.

A Base de Execución considerárase definitivamente aprobada se durante o dito prazo non se presentasen reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporía dun mes para resolvelas. A Base de Execución entrará en vigor coa súa aprobación definitiva (expresa ou tácita) e publicación da mesma no BOP.

Cuarto: As achegas aos Grupos Políticos Municipais manteñen a regulación contida na Base de Execución Orzamentaria número 39 do Orzamento Municipal 2019.

Quinto: Segundo o artigo 75.5 da LRRL, este acordo plenario será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Editos do Concello>>

Lousame, a 5 de xullo de 2019

A Alcaldesa

M^a Teresa Villaverde Pais

2019/5587

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LOUSAME

Publicación de anuncio de dedicacións exclusivas e parciais

Dedicacións exclusivas e parciais

No cumprimento do artigo 75.5 da LRBRL, faise público que o Concello de Lousame, na sesión organizativa que tivo lugar o día 04.07.2019 adoptou o seguinte acordo, cuxo texto se transcribe integramente:

<<Antecedentes administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2019-2023, en virtude da sesión especial que tivo lugar o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 209/2019, do 1 de abril (BOE do 2 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación aplicable:

1. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Real Decreto-Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público (convalidado polo Congreso dos Deputados na sesión do 22.01.2019)
3. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Fundamentación xurídica:

Primeiro.—O artigo 75 da LRBRL, no seus apartados 1 a 6 ocúpase desta materia no seguinte sentido:

1. Los miembros de las Corporaciones locales percibirán retribuciones por el ejercicio de sus cargos cuando los desempeñen con dedicación exclusiva, en cuyo caso serán dados de alta en el Régimen general de la Seguridad Social, asumiendo las Corporaciones el pago de las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior.

En el supuesto de tales retribuciones, su percepción será incompatible con la de otras retribuciones con cargo a los presupuestos de las Administraciones públicas y de los entes, organismos o empresas de ellas dependientes, así como para el desarrollo de otras actividades, todo ello en los términos de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas.

2. Los miembros de las Corporaciones locales que desempeñen sus cargos con dedicación parcial por realizar funciones de presidencia, vicepresidencia u ostentar delegaciones, o desarrollar responsabilidades que así lo requieran, percibirán retribuciones por el tiempo de dedicación efectiva a las mismas, en cuyo caso serán igualmente dados de alta en el Régimen General de la Seguridad Social en tal concepto, asumiendo las Corporaciones las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior. Dichas retribuciones no podrán superar en ningún caso los límites que se fijen, en su caso, en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado. En los acuerdos plenarios de determinación de los cargos que lleven aparejada esta dedicación parcial y de las retribuciones de los mismos, se deberá contener el régimen de la dedicación mínima necesaria para la percepción de dichas retribuciones.

Los miembros de las Corporaciones locales que sean personal de las Administraciones públicas y de los entes, organismos y empresas de ellas dependientes solamente podrán percibir retribuciones por su dedicación parcial a sus funciones fuera de su jornada en sus respectivos centros de trabajo, en los términos señalados en el artículo 5 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado sexto del presente artículo.

3. Sólo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la Corporación de que formen parte, en la cuantía señalada por el pleno de la misma.

4. Los miembros de las Corporaciones locales percibirán indemnizaciones por los gastos efectivos ocasionados en el ejercicio de su cargo, según las normas de aplicación general en las Administraciones públicas y las que en desarrollo de las mismas apruebe el pleno corporativo.

5. Las Corporaciones locales consignarán en sus presupuestos las retribuciones, indemnizaciones y asistencias a que se hace referencia en los cuatro números anteriores, dentro de los límites que con carácter general se establezcan, en su caso. Deberán publicarse íntegramente en el “Boletín Oficial” de la Provincia y fijarse en el tablón de anuncios de la Corporación los acuerdos plenarios referentes a retribuciones de los cargos con dedicación exclusiva y parcial y régimen de dedicación de estos últimos, indemnizaciones y asistencias, así como los acuerdos del Presidente de la Corporación determinando los miembros de la misma que realizarán sus funciones en régimen de dedicación exclusiva o parcial.

6. A efectos de lo dispuesto en el artículo 37.3.d) del Estatuto de los Trabajadores y en el artículo 30.2 de la Ley 30/1984, se entiende por tiempo indispensable para el desempeño del cargo electivo de una Corporación local, el necesario para la asistencia a las sesiones del pleno de la Corporación o de las Comisiones y atención a las Delegaciones de que forme parte o que desempeñe el interesado”

Segundo.—Pola súa banda, o artigo 75 bis da LRBRL, no relativo ao réxime retributivo dos membros das Corporacións Locais, establece que:

“Los miembros de las Corporaciones Locales serán retribuidos por el ejercicio de su cargo en los términos establecidos en el artículo anterior. Los Presupuestos Generales del Estado determinarán, anualmente, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que en su caso tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, atendiendo entre otros criterios a la naturaleza de la Corporación local y a su población según la siguiente tabla”:

Habitantes	Referencia
Más de 500.000	Secretario de Estado.
300.001 a 500.000	Secretario de Estado -10%.
150.001 a 300.000	Secretario de Estado -20%.
75.001 a 150.000	Secretario de Estado -25%.
50.001 a 75.000	Secretario de Estado -35%.
20.001 a 50.000	Secretario de Estado -45%.
10.001 a 20.000	Secretario de Estado -50%.
5.001 a 10.000	Secretario de Estado -55%.
1.000 a 5.000	Secretario de Estado -60%.

Terceiro.—Ademais, o artigo 75 ter da LRBRL, ocúpase de regular o número máximo de membros corporativos con dedicación exclusiva, en cada tipo de Concello, de acordo co seguinte:

“1. De conformidad con lo establecido en el artículo 75 de esta Ley, la prestación de servicios en los Ayuntamientos en régimen de dedicación exclusiva por parte de sus miembros deberá ajustarse en todo caso a los siguientes límites:

(...)

d) En los Ayuntamientos de Municipios con población comprendida entre 3.001 y 10.000 habitantes, los miembros que podrán prestar sus servicios en régimen de dedicación exclusiva no excederá de tres”

Cuarto.—Os Orzamentos Xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais polos conceptos retributivos. No exercicio 2019, ao non estar aprobada a Lei de Orzamentos Xerais do Estado, está en vigor o Real Decreto Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

O artigo 18 do citado Real Decreto Lei 24/2018 preceptúa que o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos, excluidos os trienios aos que no seu caso tiveran dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopan en situación de servizos especiais, será o seguinte:

“Uno. De conformidad con lo previsto en el artículo 75 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, según la redacción dada por la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, y considerando lo dispuesto en el artículo 4 del presente real decreto-ley, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que, en su caso, tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, será el que se recoge a continuación, atendiendo a su población:

Habitantes	Referencia Euros
Más de 500.000	106.130,60
300.001 a 500.000	95.517,54
150.001 a 300.000	84.904,46
75.001 a 150.000	79.598,46
50.001 a 75.000	68.985,42
20.001 a 50.000	58.372,36
10.001 a 20.000	53.065,30
5.001 a 10.000	47.759,30
1.000 a 5.000	42.452,24

En el caso de Corporaciones Locales de menos de 1.000 habitantes, resultará de aplicación la siguiente escala, atendiendo a su dedicación:

Dedicación	Referencia Euros
Dedicación parcial al 75%	31.839,20
Dedicación parcial al 50%	23.348,55
Dedicación parcial al 25%	15.920,13

Dos. Las cuantías de los límites recogidos en esta disposición incluyen un aumento del 2,25 por ciento respecto de las vigentes a 31 de diciembre de 2018. Asimismo se aplicará el incremento retributivo adicional vinculado a la evolución del PIB que, de acuerdo con el artículo 3.dos, se apruebe para el personal del sector público.

Quinto.—É necesario que as Áreas de Xestión (creadas en virtude da Resolución da Alcaldía 333/2019, do 17.06.2019) que quedan baixo a dependencia directa da Alcaldía:

- Área de Alcaldía
- Área de Urbanismo
- Área de Persoal
- Área de Economía e Facenda e Tramitación Administrativa

Sexan desempeñadas cun réxime de dedicación exclusiva, dada a importancia que as mesmas teñen no volume de traballo municipal, e cuxo impulso e seguimento requiren dunha dedicación diaria, que permita acadar unha xestión eficaz e eficiente que se materialice na consecución dos obxectivos do programa de goberno e unha maior atención persoal ás demandas da cidadanía.

Xunto co anterior, tamén é preciso crear dúas dedicacións parciais, que se ocuparán das seguintes áreas de xestión:

Dedicación Parcial	Tempo semanal de dedicación	Áreas de Xestión
Dedicación Parcial número 1	30 horas semanais	- 1.ª tenencia de Alcaldía - Membro da XGL - Área de obras públicas, Servizos Públicos, Alumeados e Telecomunicacións, Infraestruturas Viarias, Seguridade Viaria e Parque Móbil - Área de Medio Ambiente, Medio Rural e Protección Civil.
Dedicación Parcial número 2	30 horas semanais	- 2.ª tenencia de Alcaldía - Membro da XGL - Área de Servizos Sociais, Igualdade, Xuventude, Educación, Cultura, Sanidade e Deportes.

Estas áreas soportan igualmente un volume elevado de traballo, que requiren da presenza do responsable político, para a súa correcta xestión, coordinación e seguimento, tanto a nivel interno (co equipo de goberno e empregados municipais) como a nivel externo (atención persoal ás demandas da cidadanía).

Sexto.—O orzamento municipal para o exercicio 2019, ten consignados nos seus créditos as seguintes contías para os cargos con dedicación exclusiva e parcial vixentes no mandato corporativo 2015-2019, de acordo coa seguinte desagregación:

912	10000	Dedicación exclusiva Alcaldía: 35.320,60 + 5.345,78 (trienios 2019)	40.666,38
		Dedicación parcial RMR: 1.005 x 14	14.070,00

Cargo electivo	Soldo mensual	(A) Soldo anual	Trienios mensuais	(B) Trienios anuais	Pagas extraordinarias		(C) Pagas extraor- dinarias	Total retribucións básicas
					Soldo	Trienios		
ALCALDÍA (dedicación exclusiva) MTVP	2.522,90	30.274,80	36,11	4.766,52	2.522,90	26,33	5.625,06	40.666,38
1.ª tenente alcalde (dedicación parcial) RMR	1.005,00	12.060,00			1.005,00		2.010,00	14.070,00
TOTAIS		42.334,80		4.766,52			7.635,06	54.736,38
Total grupo de programa 912		42.334,80		4.766,52			7.635,06	54.736,38
Total crédito orzamento		42.334,80		4.766,52			7.635,06	54.736,38

(A) Soldo: 12 mensualidades ordinarias

(B) Trienios: 12 mensualidades ordinarias

(C) Pagas extraordinarias (2): soldo + trienios

Desagregación trienios 2019	Trienios
Alcaldía (dedicación exclusiva) MTVP	11 A2

Tendo en conta que nos actuais Orzamentos non existe consignación orzamentaria para o novo réxime de dedicacións exclusivas e parciais; non sendo vontade da Alcaldía a de alterar o Orzamento aprobado para o ano en curso, estableceranse dous rexímenes diferenciados:

- Réxime de dedicacións exclusivas e parciais, para o período que abrangue dende a adopción do acordo plenario até o 31.12.2019.
- Réxime de dedicacións exclusivas e parciais, para o período que abrangue dende o 01.01.2020 até o fin do mandato corporativo.

Considerando o artigo 13.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo o cal será o Pleno, a proposta do Presidente, o que determinará a relación de cargos da Corporación que se desenvolverán en réxime de dedicación exclusiva e as contías das súas retribucións, este Pleno Corporativo ACORDA:

Primeiro.–Acordar o desenvolvemento do seguinte cargo en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións brutas anuais que se recollen no cadro seguinte:

POSTO	ALCALDÍA
PERSONA QUE O OSTENTA	M.ª Teresa Villaverde Pais
ÁREAS DE XESTIÓN	Área de Alcaldía Área de Urbanismo Área de Persoal Área de Economía e Facenda e Tramitación Administrativa
RETRIBUCIÓN ATÉ O 31.12.2019	As consignadas no Orzamento Municipal 2019: Retribucións brutas anuais (14 pagas): 35.320,60 € Trienios 2019 (14 pagas): 5.345,78 € (1) (1) A contía dos trienios (funcionaria de carreira en situación de servizos especiais) será actualizada en función do seu recoñecemento pola Administración de orixe, así como en función da contía que cada ano aprobe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.
RETRIBUCIÓN DENDE O 01.01.2020 ATÉ O FIN DO MANDATO CORPORATIVO	Retribucións brutas anuais (14 pagas): 40.000,00 € Trienios (14 pagas): 5.345,78 € (1) (1) A contía dos trienios (funcionaria de carreira en situación de servizos especiais) será actualizada en función do seu recoñecemento pola Administración de orixe, así como en función da contía que cada ano aprobe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Segundo.–Acordar o desenvolvemento dos seguintes cargos en réxime de dedicación parcial, coas retribucións brutas anuais que se recollen nos cadros seguintes:

POSTO	1.ª tenente de alcalde e concelleiro delegado
PERSONA QUE O OSTENTA	Ramón Manuel Martínez Rial
ÁREAS DE XESTIÓN	Área de Obras Públicas, Servizos Públicos, Alumeados e Telecomunicacións, Infraestruturas Viarias, Seguridade Viaria e Parque Móbil Área de Medio Ambiente, Medio Rural e Protección Civil
RETRIBUCIÓN ATÉ O 31.12.2019 (25 horas semanais)	As consignadas no Orzamento Municipal 2019: Retribucións brutas anuais (14 pagas): 14.070,00 €
RETRIBUCIÓN DENDE O 01.01.2020 ATÉ O FIN DO MANDATO CORPORATIVO (30 horas semanais)	Retribucións brutas anuais (14 pagas): 16.800,00 €

POSTO	2.º tenente de alcalde e concelleira delegada
PERSOA QUE O OSTENTA	Silvia Agrafojo Filgueira
ÁREAS DE XESTIÓN	Área de Servizos Sociais, Igualdade, Xuventude, Educación, Cultura, Sanidade e Deportes.
RETRIBUCIÓN ATÉ O 31.12.2019	Ningunha. Durante este período este posto non se ostentará en réxime de dedicación parcial.
RETRIBUCIÓN DENDE O 01.01.2020 ATÉ O FIN DO MANDATO CORPORATIVO (30 horas semanais)	Retribucións brutas anuais (14 pagas): 16.800,00 €

Terceiro.—De acordo co artigo 13.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o nomeamento dos membros da Corporación para algún destes cargos con réxime de dedicación exclusiva/parcial, unicamente surtirá efectos no momento no que se sexa aceptado expresamente por estes, o que se comunicará ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

Así, a vindicación das retribucións produciranse dende o momento da aceptación expresa. Nese mesmo momento, ordenarase a alta no réxime xeral da Seguridade Social. No suposto da 2.º tenente de alcalde e concelleira delegada (D.ª Silvia Agrafojo Filgueira), unha vez se produza a súa aceptación expresa, a vindicación das retribucións e alta na Seguridade Social terá lugar o día 01.01.2020.

O pagamento das cotas empresariais que corresponda, será asumido polo Concello de Lousame, de conformidade co previsto no artigo 74 da LRBRL.

Cuarto.—A partires do 01.01.2020, as retribucións brutas anuais (tanto por dedicación exclusiva e parcial) seguirán, aos efectos da súa revisión, o mesmo réxime aplicable ás retribucións do persoal funcionario da Corporación Local, sen necesidade de acordo plenario adicional, respectando en todo caso os límites máximos fixados para as retribucións dos cargos electos, na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Quinto.—Segundo o artigo 75.5 da LRBRL, este acordo plenario será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de editos do Concello>>

Lousame, a 5 de xullo de 2019.

A alcaldesa

M.ª Teresa Villaverde Pais

2019/5582